

PROCESO DE INSCRIPCIÓN E MATRICULACIÓN

O Departamento de Educación e Cidadanía do concello de Santiago ten previsto a realización dun programa de conciliación laboral e familiar no período das vacacións de Semana Santa 2017 (10, 11, 12 e 17 de abril). Este programa comprende un conxunto de actividades, a desenvolver en instalacións do CEIP As Fontiñas e do CEIP Raíña Fabiola, destinadas á poboación escolarizada en educación Infantil e Primaria do municipio de Santiago.

A proposta que se vai describir concíbese como un espazo educativo, de promoción do ocio e o tempo de lecer, ademais dun recurso para a conciliación familiar e laboral no tempo de vacacións.

CARACTERÍSTICAS DO PROGRAMA:

Destinatarios: nenos e nenas empadroados no Concello de Santiago de Compostela ou que cursen estudos en centros de educación infantil e primaria de Santiago de Compostela, con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos.

Datas de realización e modalidades de participación: O programa desenvolverase durante o período de vacacións escolares de Semana Santa: os días 10, 11, 12 e 17 de abril, sen prexuízo dos traballos previos necesarios para a organización da actividade.

As modalidades a escoller polos interesados son:

Completa: os 4 días
Días soltos.

O horario do campamento de Semana Santa será de **9:00 a 14:00 horas en ambos os dous centros**; ofrécese a posibilidade de que as familias podan solicitar ademais un servizo de **madrugadores con almorzo (de 7:45 a 9:00 horas) e un servizo de comedor (de 14:00 a 16:00 horas) no CEIP As Fontiñas**.

NÚMERO DE PRAZAS: a previsión de participantes é de 100 inscritos entre os dous centros nas actividades e obradoiros e 50 participantes tanto para o servizo de comedor como de madrugadores.

Para o desenvolvemento do campamento é imprescindible:

- Que formalicen a correspondente matrícula un mínimo de 20 participantes por cada centro nos obradoiros e actividades.
- Que formalicen a correspondente matrícula un mínimo de 10 participantes por cada centro, tanto no servizo de comedor como no servizo de madrugadores.

LUGAR DE EXECUCIÓN: as actividades terán lugar en instalacións do CEIP das Fontiñas (Rúa Roma, nº 21) e no CEIP Raíña Fabiola (Rúa Entregaleras, 15).

OBXECTIVOS

OBXECTIVO XERAL

Facilitar a conciliación da vida familiar e laboral, ofrecendo aos nenos e nenas unha alternativa de lecer e tempo libre, desenvolvendo valores de cooperación, respecto e tolerancia.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Promover actividades que favorezan a diversión creando un ambiente lúdico.
- Desenvolver a autonomía persoal no día a día.
- Dar a coñecer diferentes actividades lúdicas de lecer e tempo libre.
- Promover actividades que favorezan o traballo en equipo e a creatividade.
- Fomentar o compañeirismo e a tolerancia a través de actividades de traballo en equipo.
- Potenciar actitudes de valoración e respecto cara o entorno físico e natural.
- Fomentar o gusto pola lectura a través de actividades lúdicas e participativas.
- Coñecer o entorno que nos rodea.

TIPO DE ACTIVIDADES

No programa combinaranse actividades lúdicas, deportivas, xogos e obradoiros

MODALIDADES E HORARIOS

SERVIZO	HORARIO
Modalidade completa:(madrugadores con almorzo, comedor e actividades)	De 7:45 ás 16:00 h
Modalidade madrugadores con almorzo e actividades	De 7:45 ás 14:00 h.
Modalidade comedor e actividades	De 9:00 ás 16:00 h.
Modalidade só actividades	De 9:00 ás 14:00 h.

Os solicitantes poderán participar na modalidade completa ou por días soltos. Haberá un desconto do 20% para quen acredite ser familia numerosa, familia monoparental e cando participen dous irmáns no programa. O desconto aplicarase a todos os solicitantes que cumpran ese requisito; é dicir, se participan dous ou máis irmáns nesta oferta o desconto farase a todos os irmáns.

Así mesmo contemplarase un desconto do 50% ou do 100% para aquelas familias con escasos recursos; estes casos deberán contar obrigatoriamente con Informe previo do Departamento municipal de Servizos Sociais que ditaminará a porcentaxe de desconto (o 50 ou o 100%). O desconto do 50% aplicaráselle a cada solicitante, mesmo se son da mesma unidade familiar.

PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN DE “SEMANA SANTA 2017”

Os descontos non son acumulables.

Para o cobro das cantidades correspondentes, o concello de Santiago habilitará a conta bancaria municipal en ABANCA ES89 2080-0388-2031-1000-2662, para que os solicitantes poidan realizar o ingreso correspondente das modalidades escollidas. Deberán indicar no momento de realizar o ingreso: *Nome e apelidos do neno/a solicitante e modalidade escollida.*

Distribución horaria das actividades:

LUNS 10	MARTES 11	MÉRCORES 12	LUNS 17
BENVIDA	BENVIDA	BENVIDA	BENVIDA
XOGOS DE PRESENTACIÓN, COÑECEMENTO DISTENSIÓN. MURAL UN MUNDO DE COR	OBRADOIRO MUSCIAL “A PRIMAVERA DE VIVALDI”	SAÍDA POLA CIDADE	OBRADOIRO DE COCIÑA CON COR
DESCANSO	DESCANSO	DESCANSO	DESCANSO
GRAN XOGO: “BUSCANDO A FRIDA KHALO”	XOGO DE PISTAS “AS CATRO ESTACIÓNS”	SAÍDA POLA CIDADE	FESTA DE DESPEDIDA
COMEDOR	COMEDOR	COMEDOR	COMEDOR

Este programa pode sufrir algunha modificación que, en todos os casos, debe ser previamente autorizado polo Departamento de Educación.

Secuencia horaria do programa:

7:45 - 9:00 h.	Madrugadores. Actividades lúdicas e grupais.
9:00 - 9:30 h.	Recepción participantes.
9:30 - 11:00 h.	Obradoiros artísticos, plásticos, saídas e xogos grupais.
11:00 - 11:30 h.	Descanso.
11:30 - 13:30 h.	Obradoiros artísticos, plásticos, saídas e xogos grupais.
13:30 - 14:00 h.	Recollida e despedida.
14:00 - 16:00 h.	Comedor

Organización dos grupos

O alumnado que participe no programa distribuirase por grupos de idade e a cada grupo asignaráselle un monitor/a responsable, de tal xeito que os nenos e nenas teñan en todo momento unha persoa de referencia.

INSCRIPCIÓN E MATRICULACIÓN NO PROGRAMA

- Abrirase un prazo de inscrición e matrícula entre os días 24 de marzo e o 4 de abril de 2017 (ambos os dous incluídos). Para participar no programa terán que cubrir o impreso de matrícula e entregala no Rexistro Xeral do Concello de Santiago (Rúa Presidente Salvador Allende, 4) ou no rexistro auxiliar do Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal o Ensanche (Rúa de Frei Rosendo Salvado 14-16). Xunto co impreso de inscrición deberán achegar o xustificante de pagamento na conta bancaria municipal en ABANCA ES89 2080-0388-2031-1000-2662. Deberán indicar no momento de facer o ingreso: *Nome e apelidos do neno/a solicitante e modalidade escollida*.
- O Departamento de Educación e Cidadanía do Concello de Santiago facilitará os correspondentes impresos de matrícula no programa.
- As admisións realizaranse por **rigorosa orde de entrada no Rexistro municipal** ata cubrir as prazas dispoñibles. Non obstante, como as prazas que se convocan están fixadas en base a usuarios estimados, pode darse a casuística de que nesta ocasión haxa máis demandantes que prazas, polo que de considerarse a posibilidade de atender esas solicitudes excedentes, cumpriría aprobar unha ampliación de orzamento.
- Os solicitantes deberán estar empadroados no concello de Santiago ou estar matriculados nun centro educativo do municipio de Santiago (neste caso deberán achegar certificación expedida polo centro onde estuda, indicando nome e apelidos do neno/a matriculado e curso).
- No caso de baixa no programa por enfermidade, a familia solicitante deberá xustificalo documentalmente mediante certificado médico e notificalo por fax ou por correo electrónico ao Departamento de Educación e Cidadanía (dptoeducacion@santiagodecompostela.gal), antes do comezo do programa ou durante o mesmo.
- Será motivo de exclusión non cumprir o requisito de idade, non entregar a documentación solicitada, non realizar o pagamento das cotas establecidas nos prazos sinalados, non estar empadroado en Santiago ou escolarizado nun centro educativo do municipio de Santiago.

Os pagos realizados non se devolverán en ningún caso, agás:

- 1.- Que non se chegue a realizar o programa ao non cubrirse un mínimo de prazas.
- 2.- Por razóns de enfermidade (neste caso acreditarase mediante certificado médico).
- 3.- Por motivo de exclusión ao non cumprir os requisitos que se establecen na convocatoria.
- 4.- Aqueles solicitantes que quedan fóra por superar as prazas dispoñibles.

- **Documentación a presentar:**

- Ficha de formalización de matrícula, cuberta.
- Certificado do centro educativo no que está inscrito o neno/a no caso de non estar empadroado no concello de Santiago e Compostela
- Copia do título de Familia Numerosa (se é o caso).

PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN DE “SEMANA SANTA 2017”

- Acreditación de ser familia monoparental (se é o caso): Fotocopia do Libro de Familia ou copia da sentenza de separación, divorcio, nulidade ou medidas paterno filiais.
- Fotocopia cartilla sanitaria.
- Informe de Servizos Sociais (se é o caso).
- Xustificante de pagamento bancario en ABANCA ES89 2080-0388-2031-1000-2662. No momento do pago deberán indicar o nome do/a neno/a e a modalidade na que participa.

PREZOS

PREZOS XERAIS ORDINARIOS

Estes prezos están pensados para usuarios en xeral aos que se lle aplicará un desconto do 20% cando acrediten ser familia numerosa, familia monoparental e cando participen dous irmáns no programa. O desconto aplicarase a todos os solicitantes que cumpran ese requisito; é dicir, se participan dous ou máis irmáns nesta oferta, o desconto se lle aplicará a todos os irmáns. Os descontos non son acumulables.

*** Prezos unitarios ordinarios por participante/ día solto:**

Modalidades	Sen desconto	Con desconto do 20%
Servizo de madrugadores con almorzo	3,00 euros	2,40 €
Obradoiros e actividades	11,00 euros	8,80 €
Servizo de comedor	7,00 euros	5,60 €

Os prezos ordinarios por día solto teñen un importe un pouco superior ao prezo unitario para usuario fixo, é dicir o que escolle o programa completo.

- **Prezos xerais ordinarios para usuarios do programa completo (4 días):**

Servizo de madrugadores con almorzo	9,20 euros
Obradoiros e actividades	42,00 euros
Servizo de comedor	24,00 euros
TOTAL	75,20 euros

PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN DE “SEMANA SANTA 2017”

- **Prezos finais ordinarios coas modalidades:**

SERVIZO	HORARIO	DÍAS SOLTOS	
		Sen desconto	Con desconto (20%)**
Modalidade completa:(madrugadores con almorzo, comedor e actividades)	De 7:45 ás 16:00 h	<input type="checkbox"/> 21,00 €	<input type="checkbox"/> 16,80 €
Modalidade madrugadores con almorzo e actividades	De 7:45 ás 14:00 h.	<input type="checkbox"/> 14,00 €	<input type="checkbox"/> 11,20 €
Modalidade comedor e actividades	De 9:00 ás 16:00 h.	<input type="checkbox"/> 18,00€	<input type="checkbox"/> 14,40 €
Modalidade só actividades	De 9:00 ás 14:00 h.	<input type="checkbox"/> 11,00 €	<input type="checkbox"/> 8,80 €

SERVIZO	HORARIO	PROGRAMA COMPLETO (4 días)	
		Sen desconto	Con desconto (20%)*
Modalidade completa:(madrugadores con almorzo, comedor e actividades)	De 7:45 ás 16:00 h	<input type="checkbox"/> 75,20 €	<input type="checkbox"/> 60,16€
Modalidade madrugadores con almorzo e actividades	De 7:45 ás 14:00 h.	<input type="checkbox"/> 51,20 €	<input type="checkbox"/> 40,96 €
Modalidade comedor e actividades	De 9:00 ás 16:00 h.	<input type="checkbox"/> 66,00 €	<input type="checkbox"/> 52,80 €
Modalidade só actividades	De 9:00 ás 14:00 h.	<input type="checkbox"/> 42,00€	<input type="checkbox"/> 33,60€

PREZOS ESPECIAIS PARA FAMILIAS CON ESCASOS RECURSOS

Co obxecto de favorecer a participación de usuarios de familias con escasos recursos, nunhas datas tan sinaladas, establécense unhas reducións do 50 e do 100% do custe. Estes usuarios deberán ser beneficiarios do Departamento municipal de Servizos Sociais e polo tanto contarán obrigatoriamente con Informe previo expedido por ese Departamento, que ditaminará a porcentaxe de desconto que será de aplicación (o 50 ou o 100%).

- **Prezos unitarios por participante/ día solto (desconto do 50%)**

Servizo de madrugadores con almorzo	1,50 euros
Obradoiros e actividades	5,50 euros
Servizo de comedor	3,50 euros

O desconto do 50% aplicaráselle a cada solicitante, mesmo se son da mesma unidade familiar.

PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN DE “SEMANA SANTA 2017”

- **Prezos ordinarios programa completo (4 días) (desconto do 50%)**

Servizo de madrugadores con almorzo	4,60 euros
Obradoiros e actividades	21,00 euros
Servizo de comedor	12,00 euros

- **Prezos finais especiais (desconto do 50%), coas modalidades:**

SERVIZO	HORARIO	DÍAS SOLTOS
		Desconto 50%
Modalidade completa:(madrugadores con almorzo, comedor e actividades)	De 7:45 ás 16:00 h	<input type="checkbox"/> 10,50 euros
Modalidade madrugadores con almorzo e actividades	De 7:45 ás 14:00 h.	<input type="checkbox"/> 7,00 euros
Modalidade comedor e actividades	De 9:00 ás 16:00 h.	<input type="checkbox"/> 9,00 euros
Modalidade só actividades	De 9:00 ás 14:00 h.	<input type="checkbox"/> 5,50 euros

SERVIZO	HORARIO	PROGRAMA COMPLETO (4 días)
		Desconto 50%
Modalidade completa:(madrugadores con almorzo, comedor e actividades)	De 7:45 ás 16:00 h	<input type="checkbox"/> 37,60 euros
Modalidade madrugadores con almorzo e actividades	De 7:45 ás 14:00 h.	<input type="checkbox"/> 25,60 euros
Modalidade comedor e actividades	De 9:00 ás 16:00 h.	<input type="checkbox"/> 33,00 euros
Modalidade só actividades	De 9:00 ás 14:00 h.	<input type="checkbox"/> 21,00 euros

MÁIS INFORMACIÓN:

CONCELLO DE SANTIAGO - DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN E CIDADANÍA

Teléfonos 981554400/401 Fax: 981571511

dptoeducacion@santiagodecompostela.gal

www.santiagodecompostela.gal